

ASISTENTES:

**Alcalde:**

D. José Luis García López.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Torreiro González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D<sup>a</sup>. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D<sup>a</sup>. María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D<sup>a</sup> Evangelina María Orois Conde.

D<sup>a</sup>. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

**Secretario:**

D. Juan Colmenares López Soldado.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Olga Castro Fernández.

**ACTA**

En Arzúa, a 17 de febreiro de 2017.

Sendo as 20:10 horas, reúnen no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Non asistiu a esta sesión do Pleno a concelleira do PP dona Vanessa Quintela Pedreira

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a Orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

*Punto 1º* **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA**

**SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2017.**

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

*Punto 2º* **PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS “POS+2017”).**

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 13 de febreiro de 2017; no seguinte sentido:

*“Pola presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro (de AxA), se indica que o concello de Arzúa vai ser beneficiario dos seguintes tres tipos de achega provincial: Unha de 485.950,05 euros, que vai ser adicada a gastos correntes, outra de 299.046,18 euros, que vai ser dedicada á obras e outra de 321.474,65 euros, que vai ser adicada á amortización dun préstamo que concertou este Concello o día 1 de setembro de 2010, por un importe de 818.000 euros, do que queda pendente de amortizar a cantidade de 462.426,61 euros. Todo o cal fai un total de 1.106.470,88 euros; polo que de dita cantidade a porcentaxe que se destina a obras vai ser do 20%.*

*Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:*

*\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar que, antes de pronunciarse, quere estudar a documentación refirida a este asunto.*

*\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para preguntar cales foron os criterios que se seguiron para destinar as cantidades indicadas a gastos correntes, a obras e á amortización de créditos; ou se os criterios xa veñen determinados pola Deputación Provincial.*

*Contesta a Sra. Varela Duro (de AxA) que esa cuestión aclararase cando se celebre a sesión do Pleno.*

*\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que o grupo político do Partido Popular pronunciarase sobre este asunto na sesión plenaria que se celebrara para tratar do mesmo.*

*Tras o exposto, pola presidenta desta Comisión informativa, Sr. Varela Duro, someteuse a votación ordinaria a participación deste concello no plan indicado, para poder incluír no mesmo os tres tipos de actuacións que quedaron indicados.*

*Adoptándose -por catro votos a favor (dos concelleiros de AxA)- o acordo de propoñer ao Pleno a adopción do correspondente acordo, segundo o modelo facilitado pola Deputación Provincial, para participar no referido Plan, co obxecto de poder realizar os tres tipos de actuacións indicadas.*

*(Faise constar que abstivéronse na adopción deste acordo os seguintes catro concelleiros: o Sr. García Rodríguez e a Sra. Orois Conde -do PP-, a Sra. Balado Conde -do PSdeG-PSOE- e o Sr. García Couso -de CxG-CCTT-).”*

---

*Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:*

*\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expoñer:*

*- Que vai a cambiar o voto, con respecto á postura que tivo na sesión da Comisión informativa; en base ás seguintes consideracións:*

*• O Plan de obras e servizos da Deputación Provincial sempre foi o plan principal de obras no Concello de Arzúa, e neste caso a modificación feita pola Deputación permite que se modifique tamén o destino deses fondos, o cal vai permitir que no caso deste concello o 44% vai ser destinado a gastos correntes; e espera que iso*

sirva para arranxar as gravacións dos Plenos e para poñer unhas botellas de auga aos concelleiros.

- En todo caso as obras, que era o mais importante do plan, quedan reducidas a un 27% dos fondos que asigna a este concello a Deputación Provincial; e iso vai supoñer que ningunha obra de certa entidade ou importancia se poida realizar, polo que seguirá existindo a falta ou certas carencias, como pode ser destinar fondos para: mellorar e ampliar os servizos de abastecemento e saneamento nas parroquias, ampliar a gardería ou mellorar rúas importantes na vila, como a rúa Fraga do Rei, que se atopa nun estado bastante deficiente.

- Que todo iso levoa a dúas conclusións:

- Se a Deputación só serve para transferir diñeiro, para que os concellos fagan con el o que queiran, non sabe para que se ten á Deputación.

- Non sabía que o concello tivera deficiencias en gastos correntes, xa que ten as ordenanzas actualizadas e o cobro de impostos non é o máis baixo da comarca; polo que entende que, o traspasar fondos da Deputación Provincial a gastos correntes, faise co fin de dispoñer de fondos de mais discreto uso.

Esta operación, de desviación de fondos da Deputación a gastos correntes, supón que haxa menos transparencia no uso deses fondos, menos participación por parte da Corporación, xa que a contratación das obras queda reducida á Xunta de Goberno Local, polo que haberá mais caciquismo e mais amiguismo.

Por todo iso o seu voto vai ser en contra.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar:

- Que, despois de ver a documentación, vai votar a favor; aínda que pensa que hai outras moitas carencias en obras dentro do noso concello, que considera que se deberán solucionar con outros plans da Deputación Provincial.

- Que, por outra parte, tamén quere recalcar que se debería adicar mais diñeiro a infraestruturas que a gastos correntes.

\* Do Sr. García Rodríguez ( do PP) para preguntar se se lle pode explicar, antes de someter este asunto a votación, para que se pediu o préstamos de 800.000 euros.

Responde o Sr. alcalde que cre que se pediu para o acondicionamento de dous locais sociais e para a adquisición de marquesinas.

Manifesta o Sr. García Rodríguez que o grupo político do Partido Popular vaise a abster, porque considera que habería que investir mais na zona rural (pistas, saneamentos, etc.), porque hai moitas necesidades que son prioritarias, para así facer un bo uso do diñeiro asignado a este concello.

\* Intervén o Sr. alcalde para expoñer:

- Que non se está facendo nada que non sexa o que fan a maioría dos concellos da provincia de Coruña de calquera signo político. Seguimos a recomendación da Deputación Provincial, de que se fixera así. Non somos os raros da provincia, tanto concellos onde goberna o Partido Socialista, como concellos onde goberna o Partido Popular, están facendo o mesmo.

- Que si se decidiu facer así foi para ter un pouco mais de tempo para poder realizar proxectos técnicos, xa que os prazos non son moi amplos para poder presentar a documentación na Deputación Provincial; por iso tivemos que adelantar esta sesión do Pleno.

- Que os orzamentos municipais van a estar ahí e as cantidades tamén, pero o Sr. García Couso emprega sempre as palabras de caciquismo e oscurantismo; e quere decirlle que unha parte dese diñeiro asignado ao concello vaise a empregar para a restauración dunha casa na parroquia de Lema, para ser dedicada a local social polos veciños, xa que o veñen pedindo desde hai tempo.

- Que pensar que con ese diñeiro se pode arranxar a rúa Fraga do Rei, é facer demagogía, porque esas cantidades non chegarían a nada, como xa informaron os técnicos.

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar que non utilizou a palabra de oscurantismos, dixo que había falta de participación e falta de transparencia e dixo que tiña as formas de caciquismo.

Responde o Sr. alcalde que cando se lle entregue a acta desta sesión verá os abxectivos que empregou e as palabras que utilizou, porque sempre está no mesmo.

Manifesta o Sr. García Couso que está de acordo coas obras que se propoñen, pero non está de acordo co destino deses fondos para adicalos a gastos correntes, xa que considera que a súa parte mais importante deberá ser destinada a obras, especialmente ás que dixo de saneamento, abastecemento de auga e gardería.

\* Do Sr. alcalde, para responder ao Sr. García Couso:

- Que esas obras que propón necesitan un prazo mais amplo para podelas levar a cabo; porque, nunha obra como a de abastecemento de auga, desde que se busca o sitio, e se espera o permiso de Augas de Galicia, xa non chegaríamos a tempo para incluíla neste plan provincial de obras. Temos proxectado facer o saneamento en Castañeda e levamos dous meses esperando pola contestación de Augas de Galicia, para que diga se o sitio que propoñemos vale ou non.

- Que a través dos orzamentos municipais vaise seguir estendendo a rede de saneamento, ao núcleo de Gramil e completar o das Hortas. Esas obras vanse ir contemplando, dentro das posibilidades que ten agora o concello, que non son as que eran.

Tras todo o exposto, polo Sr. alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria, tendo en conta para iso o modelo de acordo a seguir que forma parte da documentación do POS+2017 facilitada pola Deputación Provincial.

Adoptándose -por oito votos a favor (7 de AxA e 1 do PSdeG-PSOE) e un voto en contra (do concelleiro de CxG-CCTT), coa abstención dos tres concelleiros do Partido Popular- os seguintes acordos, conforme a ese modelo de acordo facilitado:

**Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2017” da Deputación**

Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2017”, “achega provincial 2016” e “préstamo provincial 2017”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>0</b>

**B) Financiamento de gastos correntes:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	485.950,05
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>485.950,05</b>

**C) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2017</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>			

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
Camión de León de Arriba a límite Concello de O Pino e outros	52.052,99	0	52.052,99
Camión de Masusao a Lema e outros	76.548,10	0	76.548,10
Camión de Vilasuso a Pumariño	90.732,93	0	90.732,93
Camión na Calzada e outro	79.712,16	0	79.712,16

<b>Subtotal investimentos achega provincial 2016</b>	299.046,18		299.046,18
--	------------	--	------------

<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Préstamo Deputación</b>	<b>Achega Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2017</b>			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:**

<b>Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)</b>	<b>Deputación</b>
<b>Subtotal redacción proxectos</b>	

**E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	
<b>Subtotal achegas municipais</b>	

**F) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2017” aplicado á redución da débeda
BANCO PASTOR	0117/10081601	321.474,65
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		321.474,65

**G ) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	0		0
	Achega 2017	0		0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	485.950,05		485.950,05
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017			
	Achega 2016	299.046,18		299.046,18
	Préstamo 2017			
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017			
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017			
	Achega 2016			
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017	321.474,65		321.474,65
TOTAL	Achega 2017			
	Achega 2016			
	Préstamo 2017			
	TOTAL	1.106.470,88		1.106.470,88

**Segundo.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican, e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Interior en Xibeirós e outros	63.868,40
Camiño de estrada Lugo-Santiago a Cortobe (Burres)	92.748,54
Camiño en Dodro	64.697,39
<b>TOTAIS</b>	221.314,33

**Terceiro.**- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Cuarto.**-Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

**Quinto.**- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**Sexto.**- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sétimo.**- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Oitavo.**- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**Punto 3º) RESOLUCIÓN DUNHA SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PARA REALIZAR ACTIVIDADES PRIVADAS, PRESENTADA POR UN PROFESOR DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA E DA ESCOLA**



## **DE MÚSICA DE ARZÚA.**

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 13 de febreiro de 2017; no seguinte sentido:

“A requirimento da presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro (de AxA), o secretario explicou os trámites que integran este expediente, que foi iniciado como consecuencia da solicitude presentada polo profesor de trompa/trompeta don Santiago Gómez Fuentes, presentada no Rexistro Xeral do Concello o día 11 de xaneiro de 2017, sendo rexistrada de entrada ao número 108.

E a tal efecto infórmase:

**I)** Que dita solicitude motivou que o alcalde ditase un decreto, con data 20 de xaneiro de 2017, a través do cal se requería:

a) Ao interesado, para que aportase a documentación acreditativa de cal sería a xornada e o horario de traballo que tería que desempeñar no centro docente privado, con indicación do número de horas lectivas semanais, e de cal é o centro concertado en cuestión, así como o tipo de contrato que se formalizara.

b) Ao director do Conservatorio profesional de música de Arzúa, Sr. García Medraño, para que expedise unha certificación acreditativa de cal é a xornada e o horario de traballo que desempeña o Sr. Gómez Fuentes en dito Conservatorio, con indicación do número de horas lectivas semanais; así como que non ten asignado un complemento específico ou semellante, que faga incompatible a súa actividade coa que pretende desenvolver no centro docente concertado.

**II)** Que á vista da documentación presentada polo profesor de trompa/trompeta, Sr. Gómez Fuentes, e polo director do Conservatorio e da Escola de música, Sr. García Medraño, en ambos casos con data 24 de xaneiro de 2017, polo secretario emitiuse o seguinte informe con data 3 de febreiro de 2017:

*“Tendo en conta que, segundo se dispón no artigo 2, nº1, letra c), da Lei 53/1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal o servizo das Administracións Públicas, dita lei será de aplicación ao persoal ao servizo das Corporacións Locais.*

Resultaría:

a) *Que a actividade que pretende desenvolver o Sr. Gómez Fuentes non se atopa entre as prohibidas polo artigo 12 de dita lei.*

b) *Que o posto de traballo que vén desempeñando dito profesor non ten asignado un complemento específico ou outro de carácter semellante; o cal segundo o artigo 16 n.º 1 non permitiría recoñecer ningún tipo de compatibilidade.*

c) *Que a presenza efectiva do Sr. Gómez Fuentes no Conservatorio e na Escola de música é de 21 horas semanais, segundo consta no certificado expedido o día 24 de xaneiro de 2017 polo Director do Conservatorio profesional e da Escola municipal de música de Arzúa, mentres que a presenza efectiva do referido profesor no centro privado vai ser de 7 horas semanais; polo que a suma de xornadas de ambos postos de traballo é inferior á máxima prevista para as Administracións Públicas.*

*Polo que, en consecuencia, cabe entender que podería concederse o*

*recoñecemento da compatibilidade que solicitou, o cal deberá ser acordado polo Pleno da Corporación no prazo máximo de dous meses desde que o Sr. Gómez Fuentes presentou a solicitude, o día 11 de xaneiro de 2017, cando xa empezara a súa actividade no centro docente privado, o día 9 de xaneiro de 2017, tal como se deduce do contrato de traballo temporal aportado polo interesado.”*

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que, si ten dereito a esa compatibilidade, estaría de acordo en que lle fora concedida.

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para preguntar ao secretario se ten que ser o Pleno quen conceda a compatibilidade solicitada.

Manifestando o secretario que o artigo 14 da Lei de Incompatibilidades antes indicada así o establece; e que considera que esa atribución do Pleno podía ser obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local ou no alcalde, pero nunca se planteou esa cuestión, seguramente porque se trata dun asunto puntual que non se da con frecuencia.

Tras o exposto, pola presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro, someteuse este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por sete votos a favor (4 dos concelleiros de AxA, 2 dos concelleiros do PP e 1 da concelleira do PSdeG-PSOE), coa abstención do Sr. García Couso (de CxG-CCTT)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello que estime a solicitude presentada polo Sr. Gómez Fuentes e, consecuentemente, autorice a súa compatibilidade para desempeñar ese segundo posto de traballo nun centro docente privado, polo tempo indicado”

---

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expoñer que non ten nada que engadir ao dito na sesión da Comisión informativa.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para pronunciarse no mesmo sentido que na sesión da Comisión informativa.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para subscibir tamén o ditame da Comisión informativa.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose -por once votos a favor (7 de AxA, 3 do PP e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención do concelleiro de CxG-CCTT- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Estimar a solicitude presentada por don Santiago Gómez Fuentes, para realizar a actividade privada de profesor de música no centro docente dependente da Fundación María Seoane Colmeiro, sito na rúa María Colmeiro nº4 do municipio de Silleda (Pontevedra), durante sete horas á semana, por considerar que dita actividade

sería compatible coa actividade principal de profesor de trompa/trompeta no Conservatorio profesional de música de Arzúa e na Escola municipal de música de Arzúa; sempre e cando esa segunda actividade se desenvolva nun horario tal, que permita ao Sr. Gómez Fuentes poder seguir impartindo as clases que ten asignadas no Conservatorio e na Escola de música de Arzúa, de vinteunha horas semanais, nos seguintes horarios: os luns, martes e mércores de 16 a 22 horas e os xoves de 19 a 22 horas.

**Segundo.-** Notificar este acordo ao Sr. Gómez Fuentes, e dar traslado dunha certificación do mesmo acordo ao presidente da Fundación María Seoane Colmeiro e ao director do centro docente onde pretende realizar a segunda actividade, para debido coñecemento e aos efectos que consideren procedentes e de regulación de horarios no seu caso.

## B) CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTION MUNICIPAL

### ***Punto 1º TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DITADOS POLO ALCALDE NOS MESES DE XANEIRO A XUÑO DE 2016.***

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 4 de xaneiro de 2016 -en que foi ditada a resolución mais inmedita a última do día 30 de decembro de 2015 (da cal se dou conta na sesión plenaria celebrada o día de 30 de xuño de 2016)- ata a ditada o día 30 de xuño de 2016.

Estando referidas:

\* A primeira resolución (*reflectida no folio 8.495*), á designación do enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, como director técnico do subministro e obra incluído no proxecto técnico nomeado “Sinalización do núcleo urbano de Arzúa e outras parroquias”, así como coordinador de seguridade e saúde, por ser o autor do proxecto técnico que serviu de base para a contratación do referido subministro e obra.

\* Mentres que a última resolución (*reflectida no folio 8.795 e volto*) refírese á integración deste concello na asociación “Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla, Tambre, Mandeo”, constituída por tempo indefinido, sen ánimo de lucro, ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, Reguladora do Dereito de Asociación, cun ámbito de actuación preferente que se estende aos concellos de Arzúa, Boimorto, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado, Toques, Touro e Vilasantar, tendo o seu domicilio social na avenida de Lugo n.º 41 do lugar de Pedrouzo do Concello de O Pino; cuxa asociación terá como obxecto desenvolver a metodoloxía Leader do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia.

Incluíndo nesa resolución a disposición de transferir a cantidade de 600 euros, como cota de asociado, á conta bancaria designada no escrito remitido polo presidente da citada asociación.

Tendo en conta:

- Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestación do dereito de información dos concelleiros, e

- Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptouse -por unanimidade dos doce membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

***Punto 2º) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE INTERVENCIÓN, ESIXIDO POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.***

Polo alcalde indícase que ese informe refírese ao **cuarto trimestre** do pasado exercicio económico, que foi emitido pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “*os tesoureiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe, sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo*”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “*a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurran máis de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitaran os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos*”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e tesoureiro emitiron un informe con data 30 de xaneiro de 2017, tomando como base os datos obtidos do programa de contabilidade SICALWIN; de cuxo informe se deduce que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de outubro e 31 de decembro de 2016, salvo erro ou omisión involuntaria, obtense a seguinte información:

a) **Facturas ou documentos xustificativos pagos no terceiro trimestre de**

**2016:**

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	1201	44
Importe total	909.797,54 euros	141.127,68 euros
Período medio de pago	40 días	

**b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre** (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	17	0
Importe total	333.981,16 €	0 €
Período medio de pendente de pago	11,96 días	

**c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga** (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010).

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Quedar enterados da información facilitada pola interventora e polo tesoureiro, a través do informe indicado.

**Segundo.-** Dar traslado do informe emitido, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

### *Punto 3º) **ROGOS E PREGUNTAS***

**I)** Polo concelleiro de CxG-CCTT, Sr. García Couso, formulouse o seguinte **ROGO**:

Como, por parte do Bloque Nacionalista Galego, se lle dixo que presentaran unha moción con anterioridade a celebración deste Pleno, a cal non foi incluída na orde do día desta sesión plenaira, e considera que se debería debatir a urxencia e se procede debatir esa moción, pide que se debata a moción, xa que neste caso era moi apropiada, porque trataba dos temporais que houbo a principios deste mes e dos prexuízos que causaron e da necesidade de que a Administración Local colabore cos veciños afectados, e requira ás empresas subministradoras para que dispoñan de medidas e servizos para evitar que se interrompan os subministros.

**II)** Tamén polo concelleiro Sr. García Couso se formularon as seguintes **PREGUNTAS:**

**\*PRIMEIRA.-** ¿Por que non se trouxo a esta sesión o asunto que quedou sobre a mesa na anterior sesión plenaria, sobre as modificacións que se tiñan que introducir no Plan Xeral, para dar cumprimento a dúas sentenzas?

**\*SEGUNDA.-** ¿En que quedaron as xestións realizadas por unha empresa de Padrón, que quería asentarse no polígono industrial de Arzúa, cuxa actividade consiste nunha liña de produción de sistemas técnicos?

**\*TERCEIRA.-** Como o mantemento do Camiño de Santiago cre que corresponde á Xunta de Galicia, pero entende que o Concello tamén ten responsabilidade, por ser de titularidade municipal e porque ademais é utilizado polos veciños como lugar de tránsito e paseo, e comprobou que o tramo que vai dende a rúa de Lugo ata Ribadiso ten un firme bastante deficiente, quere preguntar ¿Se o concello vai facer algo para melloralo, ou si vai requirir a Xunta de Galicia para que mellore e corrixa os tramos do Camiño que se atopan con esas deficiencias?

Deseguido polo Sr. alcalde déronse as seguintes respostas:

**\* En canto ao ROGO presentado.-** Responde ao Sr. García Couso:

- Que unha moción que quería presentar o Bloque Nacionalista Galego en defensa del sector lácteo galego, foi presentada por Alternativa por Arzúa, e non houbo problemas; pero o que non vai facer Alternativa por Arzúa é presentar unha moción que sexa aproveitada nos medios de comunicación para facer unha crítica non merecida, porque non houbo queixa de ningún veciño con respecto á actuación do Concello durante os días do temporal, e houbo xente do concello traballando todo o fin de semana, incluso recibíuse a través da emisora de radio municipal a felicitación dun veciño de Burres, pola premura coa que se actuara.

- Que o grupo de goberno traia a un Pleno unha moción, na que se inste ao mesmo grupo de goberno, non tería ningún sentido.

- Que non ten ningún problema en reunirse cos grupos que non teñen representación municipal, para ver a maneira de que poidan presentar mocións, pero non vai a ser neste momento.

- Por último da lectura a unha carta enviada a vicepresidencia, na que se lle informa da situación vivida en Arzúa durante os días do temporal.

---

**\* En canto a pregunta PRIMEIRA formulada.-** Responde ao Sr. García Couso que, como este asunto foi informado polo secretario, pide a dito funcionario que explique porque non se puido traer a esta sesión a adaptación do Plan Xeral ás dúas sentenzas comunicadas ao Concello.

Manifestando o secretario:

- Que cando ese asunto se incluíu na Orde do día da sesión que celebrou o Pleno do Concello, a finais do mes de decembro pasado, sempre pensou que se ía a resolver o asunto naquela sesión, porque simplemente se trataba de adaptar as alturas dunha mazá, delimitada por unhas rúas, ao resolto por dúas sentenzas firmes recaídas nuns recursos que se interpuxeron contra o Plan Xeral; sen necesidade de ter que realizar unha modificación puntual de dito Plan Xeral.

- Que, cando en xaneiro se reincorporou ao seu posto de traballo, díxoselle que a Dirección Xeral de Urbanismo solicitara os informes que obran nesas actuacións, emitidos polo arquitecto don Isidro López Yañez (pertencente ao equipo que redactara o Plan Xeral) e por este secretario, para ver se se trataba ou non dunha modificación puntual, porque parece ser que nos días previos á sesión se formulara a esa Dirección Xeral a cuestión da procedencia de publicar no Diario Oficial de Galicia un anuncio polo cal se dean a coñecer as modificacións das alturas nos edificios incluídos en dita mazá.

- Que, aínda estando claro, nos informes emitidos polo citado arquitecto e polo secretario, que non era preciso realizar unha modificación puntual do Plan Xeral, parece ser que se quixo esperar a ter o pronunciamento da Dirección Xeral de Urbanismo.

- Que como, pese o tempo transcorrido dende que se remitiron eses dous informes, non se recibiu a contestación solicitada, na mesma mañá do día de hoxe este secretario chamou por teléfono á Dirección Xeral de Urbanismo, e falou coa persoa do departamento xurídico que debe remitir esa contestación ao concello, comunicándolle dita persoa que aínda non poidera realizalo por razón do volume de traballo que tiña.

\* En canto á pregunta SEGUNDA formulada.- Responde ao Sr. García Couso:

- Que a única xestión que houbo foi a visita dun rapaz en nome da empresa de Padrón, que veu aos servizos de urbanismo, interesándose pola situación do polígono industrial, e mantivo unha breve conversa con el, a través da cal díxolle a dispoñibilidade que había e o que se podía facer; e cónstalle que esa entrevista a tivo tamén noutros concellos, como Melide ou Palas de Rei.

- Que dado o revuelo que se armou, chamou e preguntou, e foi informado de que un dos socios desa empresa era de Ponferrada, polo que estaba máis interesado en levar para alí as instalacións da empresa, porque xa atopara unha nave para meter a maquinaria.

\* En canto á pregunta TERCEIRA formulada.- Responde ao Sr. García Couso:

- Que ata este ano o concello viña recibindo unha subvención para axudar ao mantemento do Camiño; porén este ano vai ser a propia Secretaría Xeral de Turismo quen se encargue do mantemento.

- Que o que pedían os concellos da mancomunidade era que esa subvención que nos daban se mantivera, aínda que non se poidese empregar no mantemento do Camiño; pero esta por ver se vai vir esa subvención que antes se concedía para o mantemento.

- Que por outra parte, a semana despois do temporal, recibimos unha comunicación da Mancomunidade para que tiveramos preparado unha relación de puntos onde o temporal causou danos no Camiño, para enviala ao Xacobeo, e así se fixo; e cre que este ano teñen un millón e medio de euros para a conservación do

Camiño de Santiago.

**III)** Pola concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Balado Conde, formulouse o seguinte **ROGO**:

\* Como un dos puntos que tiña para o debate que realizan os grupos políticos na Emisora municipal de radio era o incluído na pregunta que acaba de facer o Sr. García Couso, sobre a empresa de Padrón que quería instalarse no polígono industrial; quere votar unha bronca ao Partido Popular e a Compromiso por Galicia, e pide que non se suspendan os debates na radio continuamente, posto que é só unha vez ao mes e haberá outras persoas que si poidan asistir ao debate.

**IV)** Tamén pola concelleira Sra. Balado Conde formulouse a seguinte **PREGUNTA**:

\* ¿Como esta o tema da xestión para solicitar que a Festa do Queixo sexa declarada de interese turístico nacional?

Responde o Sr. alcalde:

- Que hai dous anos houbo unha tentativa, e mandárase toda a documentación, pero para que sexa concedida esa declaración ten que haber un número determinado de publicacións a nivel nacional, e faltaban algunhas.

- Que estamos en iso, de feito o ano pasado xa se puxeron dous anuncios en dous medios de comunicación a nivel nacional, un anuncio foi pagado pola empresa adxudicataria do festival e este ano volvese a facer o mesmo, un pouco para acadar ese número de publicacións.

- Que cumprimos, porque incluso se sobrepasaron, se temos en conta as publicacións a nivel dixital; o que pasa é que a lei está anticuada, xa que só se teñen en conta os anuncios que aparecen na prensa escrita.

Pero estamos niso.

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dase por rematado o acto; levantándose a sesión as 20.50 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario, que certifica.